


Música



Cancións para desafinar

A Gramola Gominola. Galaxia
Música desenfadada para bailar a ritmo de rock, punk, gospel ou funk.

Unha noite de amor con Lela.

Banda da escola de Música de Rianxo
Un percorrido musical pola historia ficticia de Lela: rumba, cha,cha, cha, tango, jazz, música galega...



Adult@s



Bótame deste mar fóra.

Xosé Ricardo Losada. Toxosoutos.
O protagonista desta novela é profesor no IES Félix Muriel. Chegou a Rianxo escapando por inconfesables razóns da Coruña, e non tarda en namorar dunha rianxeira de fortes raíces mariñeiras.

Non hai noite tan longa.

Agustín Fernández Paz.. Xerais
Gabriel marchou da súa vila natal aos dezaioito anos e nunca máis volveu. O falecemento da súa nai é o que o fai regresar. Entón, comprobará que non podemos fuxir do pasado e que as feridas mal curadas non deixan de supurar.



Para refrescarnos en familia...



Xeados

Miguel A. Caruncho, David Cidre, Santiago Martínez e Xenxo Pereiro. Ouvirmos O título máis "fresco" da colección *Cociña Infantil e familiar*.

LIBROS QUE VEÑEN E VAN

Rematamos o curso, chegan as vacacións e un ano máis convidámosvos a "*Ler no verán*". Ler por pracer, para descubrir novas realidades, para descansar, para rir, para soñar... Todo iso e máis, podeades atopar nesta proposta de lecturas, nos andeis da **BBS**, na B.P.M. Castelao de Rianxo, na Feira do Libro...

Este ano quixemos que nas nosas recomendacións ocupara un papel especial a obra de Agustín Fernández Paz, falecido no verán do 2016. É a nosa pequena homenaxe a un dos grandes escritores da literatura infantil e xuvenil universal, cunha importante obra tamén para adult@s.

Animámosvos a pasar pola biblioteca antes de que remate o mes, rebuscar e encher a vosa bolsa de *Libros que veñen e van*.

Bo verán e boas lecturas

Biblioteca Brea Segade


As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 26 e o 30 de xuño

Este verán :

- ▶ **Feira do libro en Rianxo**
entre o 20 e o 23 de xullo.
- ▶ **B.P.M. "Castelao" de Rianxo**
de luns a venres de 09:00 a 14:00.

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE

LER NO VERÁN



Alessandra Psacharopulo


LIBROS QUE VEÑEN E VAN

www.blogoteca.com/bbs

Xuño 2017





Primeir@s lector@s



Colección *El pez Arcoiris*
Marcus Pfister. Beascoa
Co "Pez Arcoiris" como protagonista tedes unha colección de títulos que falan de amizade, medos, aventuras...no fondo do mar.

Ernesto e Celestina. Músicos da rúa.

Gabrielle Vincent. Kalandraka
Historia de amizade entre un oso e unha ratiña, que atopan na música a solución para un problema.



Rufus. O morcego que adoraba as cores.

Tomi Ungerer. Kalandraka
Canso da noite e da súa escura vestimenta, este morcego decidiu pintarse de cores e voar de día, mais... non foi unha boa idea tan boa!

¿Quién sabe liberar a un dragón?

Paloma Sánchez Ibarzábal. SM
Un dragón pasa os días solitario e aborrecido entre as páxinas dun libro. Volverá divertir a algún neno/a?



A nube de cores.


Agustín Fernández Paz, Sotelo Blanco
Unha nube de cores que se pousa sobre o patio da escola cambiará as cousas para Raquel e devolveralle a alegría.

Raquel ten medo

Agustín Fernández Paz. Xerais
Cada vez que Raquel cre ver un monstro pola noite esperta á súa irmá Tina.



Lector@s autónom@s





Los Zoquetes

Paul Fleischman. Edelvives
Os zoquetes traballan en equipo para dar á súa profesora, que os odia, unha lección que non poderá esquecer.

Contos de ratiños

Arnold Lobel. Kalandraka
Un clásico imprescindible. Relatos curtos cos ratos coma protagonistas para ler antes de durmir.



Las cosas de Lota. Un viaje muy salvaje

Alice Pantermüller. Bruño
Lota e a súa familia van de vacacións a Suecia. Nova entrega dos divertidos diarios de Lota que desta vez nos conta as súas experiencias acampando na natureza.

El niño en el hotel al borde de la carretera

Jairo Buitrago. SM
Álbum ilustrado sobre unha nena que vai de vacacións coa súa familia a un hotel, coñece a un neno que traballa limpando a piscina e namora del.



Fantasmas no corredor .

Agustín Fernández Paz.
A familia de Mariña múdase a unha nova casa. Unha casa moi especial, pois axiña descobre que o corredor está cheo de fantasmas.

As fadas verdes

Agustín Fernández Paz. SM
Aquel verán tan seco, o lume arrasou o monte e case acabou coas fadas verdes gardadoras do bosque. Pero na fraga do castro sobreviviu Goewín grazas á axuda de Diana, que, deste xeito, vai coñocer os seus segredos...



Lector@s expert@s



A evolución de Calpurnia Tate.
Jacqueline Kelly. Faktoria K de libros.
Observar o mundo con curiosidade non era o que se agardaba dunha señorita de boas maneiras de finais do século XIX. Mais a Calpurnia interésanlle as teorías científicas máis que as boas maneiras.

Los descazadores de especies perdidas

Diego Arboleda. Anaya.
Unha nena xenio, un despistado fotógrafo e un lord inglés son os descazadores de especies perdidas.




Cuentos de verano.

Grégoire Solotareff . Anaya
Libro de contos curtos para cada día do verán, desde o 21 de xuño ata o 22 de setembro, cheos de inxenio que invitan a pensar, a sorrir, a soñar.

Sálpock. O val dos cegos

Álvaro López e Luis Sedón. Demo Edit.
Aventura, acción, fantasía e ciencia ficción en banda deseñada.



Rapazas

Agustín Fernández Paz. Xerais
Recolle seis historias moi diversas, pero cun fío común: todas elas teñen unha rapaza como protagonista.

Lúa de Senegal.

Agustín Fernández Paz. Xerais
Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa en Senegal, para establecerse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado.

